

### 1. Convocatoria

A Fundación María Martínez Otero convoca o 3 Premio de Deseño Industrial do Moble María Martínez Otero.

O obxectivo desta iniciativa é contribuír á promoción do moble e ao desenvolvemento e innovación da industria relacionada con este sector.

### 2. Participantes

Establécese unha única categoría para profesionais, na que poderán participar –individualmente ou en equipo– deseñadores, arquitectos e profesionais que poidan acreditar unha traxectoria ligada ao deseño.

Non poderán participar no concurso os membros do xurado nin persoas con lazos familiares ou que manteñan con eles relacións profesionais estables.

### 3. Tema: O universo dos nenos

A Fundación invita a reflexionar sobre o moble infantil na sociedade actual, co fin de promover a creación de produtos e conceptos innovadores que aborden as novas necesidades dos nenos no mundo contemporáneo.

### 4. Requisitos dos proxectos

Os proxectos terán como materia construtiva fundamental a madeira ou os seus derivados e deberán ser reproducibles industrialmente.

É requisito imprescindible que as propostas sexan inéditas e que non se presentasen a outros concursos nin se publicasen anteriormente.

### 5. Documentación requirida

- A) Sobre pechado no que figurará o lema da proposta e que conterá os seguintes documentos:
- Nome, enderezo, teléfono e correo electrónico.
  - Fotocopia do D.N.I. ou do pasaporte.
  - Curriculum vitae.
  - Declaración asinada de que o proxecto presentado é inédito e non foi presentado a outros concursos nin publicado anteriormente.
- B) Carpeta, co lema de identificación na súa portada, que conteña:
- Memoria explicativa do proxecto: descrición do moble e detalles construtivos.
  - Paneis A2 sobre soporte ríxido (mínimo de 1 e máximo de 2): Planos acoutados da proposta (plantas, alzados e seccións). Detalles técnicos que expliquen con precisión a construción do moble. Perspectivas isométricas, imaxes renderizadas ou fotografías que completen a información.

Non poderá figurar en ningún documento escrito ou gráfico ningunha referencia que poida identificar os concursantes. A inclusión dalgún elemento identificativo determinará automaticamente a exclusión da proposta.

### 6. Dereitos de autor

Cada autor concursante poderá protexer o seu deseño por medio do correspondente rexistro de patentes.

En calquera caso, a Fundación poderá ofrecerlles aos autores das obras merecedoras dun especial recoñecemento a posibilidade de participar da explotación industrial das mesmas, mediante a subscrición dos correspondentes contratos de cesión ou licenza dos seus dereitos de propiedade industrial.

A Fundación María Martínez Otero resérvase o dereito de utilizar o material para reproducilo en publicacións ou revistas, facendo mención do seu autor.

### 7. Xurado

Para a valoración das propostas presentadas constituirase un xurado, integrado por profesionais relacionados co mundo do deseño e do sector industrial do moble.

Presidente:  
José Manuel Durán Martínez  
Presidente da Fundación María Martínez Otero

### Vocais:

Jeannette Altherr  
*Deseñadora. Estudio Lievore/Altherr/Molina*  
Reza Balay  
*Director de Operacións de Martínez Otero*  
Ana Domínguez Siemens  
*Xornalista*  
Antonello Fusetti  
*Director Scuola Politecnica di Design SPD, Milán*  
Enric Pastor  
*Xornalista. Redactor xefe AD España*

### Secretaría (con voz pero sen voto):

Elena Fabeiro Castro  
*Directora da Fundación María Martínez Otero*

O xurado decidirá por maioría o seu procedemento de voto.

O xurado queda facultado para resolver sobre aspectos non contemplados nestas bases así como sobre todas as cuestións que poidan suscitarse con motivo deste concurso.

### 8. Prazo de presentación

O prazo de presentación dos proxectos rematará ás 19:00 horas do día 22 de setembro do 2008.

### 9. Entrega e recollida dos proxectos

Os traballos poden entregarse persoalmente, por correo certificado ou por mensaxería. Todo o material presentado deberá ser embalado correctamente, sen que apareza ningún dato identificativo dos concursantes. Se se desexa a devolución dos traballos, deberá ser expresamente solicitada polo autor e será ao seu cargo o envío.

Enderezo de entrega dos proxectos:

3 Premio de Deseño Industrial do Moble María Martínez Otero  
FUNDACIÓN MARÍA MARTÍNEZ OTERO  
Pousada 3  
Calobre 36688  
A Estrada (Pontevedra), España

Para calquera consulta poden dirixirse ao seguinte enderezo electrónico: [efc@fundacionmariamartinezotero.org](mailto:efc@fundacionmariamartinezotero.org) ou chamar ao teléfono: +34 986 588 199

### 10. Premio

Establécese un único premio dotado con 6.000 euros e diploma acreditativo (aplicarase a retención legal vixente).

O xurado poderá concederlles mencións honoríficas sen contía económica a aqueles traballos que queira destacar nalgún aspecto e, así mesmo, a Fundación poderá ofrecerlles aos autores das obras merecedoras dun especial recoñecemento a posibilidade de participar da explotación industrial das mesmas de acordo co indicado no punto 6.

O premio poderá ser declarado deserto se así o decide a maioría do xurado.

A organización comunicarlles a todos os participantes o fallo do xurado e a data de entrega do Premio.

### 11. Aceptación das bases

O fallo do xurado será inapelable.

A organización non asume responsabilidades das que se poidan deducir reclamacións de indemnizacións por danos, retrasos ou perdas dos envíos.

A participación neste concurso supón a plena aceptación das bases, cuxa interpretación lle corresponde á organización.